



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

**EXPEDIENTE SUBTEL: 2020000017471**

**ASUNTO: INFORME PROVISIONAL DE AUDITORÍA FINANXEIRA SOBRE AS CONTAS ANUAIS DO 2019 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

**DESTINATARIOS:**

**PRESIDENCIA E PLENO DO CONSORCIO.**

**PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

**CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.**

**TRIBUNAL DE CUENTAS.**

## **I. INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>.**

O órgano interventor da Deputación Provincial, no exercicio das competencias que lle confiren os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e dándolle cumprimento ao disposto no artigo 29.3. A), apartado d), do Regulamento de réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o sector público local (RD 424/2017, do 28 de abril), levou a cabo a auditoría das Contas anuais do **CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA (V15859481) correspondentes ao exercicio 2019**, que comprenden o Balance de Situación a 31 de decembro de 2019, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios do patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo, a Memoria e, asemade, a Liquidación do Orzamento do Exercicio 2019.

<sup>1</sup> Na presentación e orde de contidos deste informe tomamos en consideración a totalidade das NIA-ES SP aprobadas pola Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019, seguindo a estrutura fixada pola Nota técnica 1/2020 da Oficina Nacional de Auditoría da IGAE. Asemade, no tocante á redacción, procurouse realizar en cada apartado unha exposición clara, obxectiva, ponderada e sistemática, tendo en conta a importancia cuantitativa e cualitativa da mesma, de conformidade coa Resolución da IGAE de 30 de xullo de 2015 de recomendacións para o exercicio da auditoría pública.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

### II.OPINIÓN MODIFICADA<sup>2</sup>.

No nosa opinión, **excepto polos efectos das cuestións descritas na sección de Fundamento de OPINIÓN CON DEFICIENCIAS<sup>3</sup> do noso informe**, as contas anuais achegadas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade a 31 de decembro de 2019, así coma os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se recolle na Nota 2 da Memoria) e, en particular, cos principios e criterios contábeis e orzamentarios contidos no mesmo.

### III.FUNDAMENTO DA OPINIÓN.

Tal como se adiantou no epígrafe anterior, emítese unha opinión modificada polas seguintes deficiencias que se teñen atopado e que se van numerando en sub-epígrafes separados, tendo todas elas o carácter de limitación ao alcance na execución do noso traballo.

- III.1. **A entidade non dispón de Inventario de bens e dereitos. Incongruencia da información que figura na Memoria co importe que figura nas contas do Activo non corrente<sup>4</sup>. Falla de dotación de amortizacións do Inmobilizado.**

A entidade non dispón dun inventario de bens de dereitos, elaborado e aprobado consonte ao previsto no Real decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, constituindo a falla deste documento unha limitación ao alcance da auditoría realizada. Xa que logo, non se pode determinar se os importes que figuran nos epígrafes de Inmobilizado

<sup>2</sup> Na emisión da opinión e no seu fundamento seguimos a NIA-ES-SP 1705 R.

<sup>3</sup> Consultado o Dicionario da Real Academia Galega, non se atopou a palabra “salvedade” ou “salvidade”, figurando con significado similar “eiva” ou “deficiencia”. O funcionario asinante optou por esta segunda por ser máis coñecida e utilizada no linguaxe común.

<sup>4</sup> Respecto dos saldos de apertura da contabilidade no exercicio 2019, resulta de aplicación a NIA-ES-SP 1510 R



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

inmaterial e Inmobilizado material se corresponden co prezo de adquisición ou custo de produción de todos os bens e dereitos dos que dispón a entidade, minorados no importe das amortizacións practicadas dende a súa posta en funcionamento, determinando así o seu valor neto contable.

Co carácter de eiva ou defecto, -con respecto a este epígrafe do Inmobilizado-, púidose comprobar que non se están a dotar amortizacións anuais, nen se ten feito apunte ningún por posible deterioro (esta falla é especialmente significativa no tocante aos vehículos, ao teren un período de amortización máis curto), polo que as contas do Inmobilizado que figuran en balance non reflecten o valor neto contable, senón o importe acumulado resultante de recoñecer obrigas con cargo aos créditos orzamentarios ás distintas aplicacións do Capítulo 6º do orzamento (o que xera o correspondente apunte no Debe das contas do Grupo 2 contable). Incúmprese, xa que logo, o disposto no apartado 7 da Segunda parte (Normas de recoñecemento e valoración) do Plan xeral de contabilidade adaptado á Administración local, así coma o apartado 1.6º.2 da Terceira parte do Plan, no tocante aos importes que deben figurar no Activo do Balance.

Por outra banda, o importe do Activo non corrente que figuran no Balance de Situación é de 17.817.497,93 euros. Non téndose practicado amortizacións e seguíndose o criterio de prezo de adquisición para a súa valoración, o importe expresado debería ser coincidente co sumatorio de investimentos realizados que se describen na Nota 2.1 da Memoria, que acada o importe de 20.811.220,10 euros, a non constar no cadro que se incorpora baixa ningunha. Malia a isto, apréciase unha significativa diferenza de 2.993.722,17 euros. Asemade, no apartado A) deste cadro a suma do valor dos inmobles é de 5.191.753,27, namentres que o saldo debedor da Conta 2110 é de 6.161.407,64. Similar diverxencia se produce no tocante aos vehículos, pois na letra B) do cadro da Memoria figura o importe de 8.772.915,56 euros, namentres que na Conta 2180 o saldo debedor é de 8.053.106,89.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

### III.2. **O importe dos dereitos recoñecidos no concepto 31900 do Estado de ingresos (taxa pola prestación de servizos) non reflicte as devindicacións producidas segundo a Ordenanza fiscal nº 1.**

Segundo se puido comprobar na análise da Liquidación do Orzamento, o importe dos dereitos recoñecidos netos imputados ao concepto 31900 (taxa pola prestación de servizos) foi de 48.902,36 euros sobre unhas previsións definitivas de 230.000 (21,26 por cento de execución). A baixa execución das previsións pode estar motivada na paralización das tarefas de liquidación, non constando ningunha relación mensual dende o mes de xuño, incumpríndose deste xeito o artigo 7º da Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa pola prestación de servizos contra incendios.

Asemade, a través das mostraxes e obtención de información sobre do aplicativo informático para o rexistro e seguimento dos partes de intervención, comprobouse que o número de partes no exercicio 2019 foi de 3.157, dos que non se xerou liquidación ningunha. E sobre o exercicio 2018, no que se realizaron 2.853 actuacións, só se xeraron 930 liquidacións.

Non consta a existencia de informes xurídico-tributarios nos que se cualifique cada unha das intervencións de servizo e se determine cando se produce o feito impoñible da taxa, nos termos regulados no artigo 2º da Ordenanza fiscal, constituindo esta ausencia unha segunda limitación ao alcance deste traballo.

Por outra banda, constatouse que non se aprobou nin levou a cabo o procedemento de control financeiro posterior para verificar a correcta aplicación da Ordenanza fiscal nº 1 con respecto ás liquidacións aprobadas ou, no seu caso, a posible existencia de feitos impoñibles non liquidados no período de tempo no que se desenvolveu esta función.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

A ausencia da actividade liquidatoria pode derivar nun prexuízo dos créditos tributarios a prol da entidade, xerándose responsabilidade contable no caso de que se produza un alcance efectivo aos fondos públicos.

### III.3. O importe de ingresos pendentes de aplicación:

Na Conta 5540 (Outros ingresos pendentes de aplicación) figuraba un saldo acredor inicial de 417.552,92 euros. Ao longo do exercicio este saldo aumentou ata 439.788,77 euros (saldo da conta ao final do exercicio), non téndose realizado aplicación definitiva ningunha dos importes que figuraban no asento de apertura. Aínda que de menor importancia cuantitativa, tamén cómpre destacar o importe de 21.451,48 euros que figura como saldo acredor na Conta “4190. Acredores non orzamentarios por ingresos duplicados ou excesivos” e o de 1.674.90 do Haber da Conta “5590. Ingresos a investigar” (os tres saldos acredores intégranse no o epígrafe “2, Outras contas a pagar” do apartado IV) do Pasivo do Balance de situación.

Estes ingresos recibidos, polos significativos importes expresados, afectan e desvirtúan a información dos debedores pendentes de cobro que figura no Balance de Situación (1. *Debedores por operacións de xestión*, do epígrafe III) do Activo corrente), así como tamén ao Estados de liquidación orzamentaria (recadación) e ao Anexo de Relación nominal de debedores. E sendo o importe destes ingresos pendentes de aplicación moi superior ao sumatorio de dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente e de exercicios pechados, o saldo da expresada conta 5549 pode indicar un defectuoso rexistro contable das liquidacións aprobadas non só no exercicio corrente 2019, senón tamén en exercicios pechados anteriores.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

### III.4. **Outras deficiencias atopadas de menor importancia relativa:**

Nas probas realizadas para a emisión deste informe téñense atopado outros erros contábeis de menor importancia relativa que, por non superar o importe da importancia da cifra de materialidade ou importancia relativa estimada no Memorándum de planificación (importe superior a 46.107,45 euros), non se citan no presente informe ao entender que non afectan ao Principio de imaxe fiel, remitíndonos ao Informe de recomendacións de control interno e Informe adicional (IRCIA) que se achega como complemento deste informe principal.

Para dar esta opinión modificada con deficiencias, temos executado a auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente no Sector Público en España (NIA-ES-SP, aprobadas por Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019). As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense máis adiante na sección “*Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais*” do noso informe.

Somos independentes da entidade, de conformidade cos requirimentos de ética e de protección da independencia que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais para o Sector público en España<sup>5</sup>, segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión coas deficiencias ou eivas expresadas.

---

<sup>5</sup> A estes efectos, seguimos a Nota técnica 1/2018, da Oficina Nacional de Auditoría, tendo incorporado ao expediente un cuestionario debidamente cuberto polas dúas persoas que temos participado nos traballos.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

### IV. CUESTIÓNS CLAVE DE AUDITORÍA<sup>6</sup>.

As cuestións clave de auditoría son aquelas que, segundo o noso xuízo profesional, teñen sido de maior importancia ou alcance na nosa auditoría de contas anuais do período actual. Estas cuestións teñen sido tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre as mesmas, polo que non expresamos unha opinión por separado das mesmas.

Ademais das cuestións descritas na sección “3. Fundamento de opinión con deficiencias” temos resolto que a cuestión que se describe deseguido é unha cuestión clave de auditoría que se debe comunicar no noso informe.

Advertimos de que o cambio de modelo de xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento e a conseguinte subrogación do persoal contratado polas empresas concesionarias afecto a estas prestacións (punto 2º da sesión plenaria que tivo lugar o día 13 de setembro de 2019) pode conlevar que a entidade teña que facer fronte ás indemnizacións que se determinen nas sentenzas xudiciais firmes que decidan os preitos pendentes a data actual, así coma outros que se poideran presentar no momento en que se remate o proceso selectivo que ha de instruírse para a selección definitiva de persoal.

Existindo o risco exposto, non consta que a entidade teña dotado provisión para as posibles responsabilidades, de conformidade co previsto na Norma de Valoración 17ª da Terceira parte do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, ao existir unha obriga legal, que poidera ter como probable unha aplicación ou desprendemento de recursos, sobre os que aínda non podendo facerse unha estimación precisa, sí que podería facerse unha primeira estimación fiable, tomando en consideracións as pretensións

<sup>6</sup> Nesta sección aplicamos a NIA-ES-SP 1701



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

presentadas nas 16 demandas recibidas ata esta data. A Asesoría xurídica foille solicitada unha estimación das posibles indemnizacións, mais non realizou este cálculo e remitíuse a un informe emitido pola secretaría-intervención, no que se entende que non resulta necesario nin procedente dotar esta provisión, manifestando que non se ten a previsión de que vaia a ter unha grande trascendencia na execución orzamentaria para o exercicio 2020 ou 2021. Asemade manifestase en dito informe que hai consignacións dabondo no orzamento para atender as indemnizacións que se derivarían destes procedementos.

En calquera caso, deixamos constancia da existencia deste risco, coa limitación exposta de que non se nos facilitou a información necesaria para proceder a súa cuantificación.

### v. PÁRRAFO DE ÉNFASE<sup>7</sup>.

Temos que chamar a atención sobre o alto grao de liquidez que se amosa no Estado de fluxos de efectivo ( 6.510.869 euros a 31 de decembro, mellorada ao longo do exercicio en 1.043.456,51 euros), malia a escasa capacidade da entidade para xerar os seus propios recursos e a súa excesiva dependencia das administración integradas no Consorcio (os cobros por transferencias supuxeron o 70,16 por cento do total). Esta circunstancia permitiu pagar con moita celeridade aos acredores, quedando só pendentes de pago de exercicio corrente o 10,17 por cento das obrigas recoñecidas, sen que consten obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados.

---

<sup>7</sup> Nesta sección tomamos en consideración a NIA-ES-SP 1706





## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

O alto grao de liquidez e o pronto pago aos acredores determina que ao final do exercicio a entidade contase cun Remanente de tesourería de 5.319.917,52 euros. Non constando a existencia de desviacións de financiamento positivas, o importe expresado constitúe Remanente de tesourería para gastos xerais.

### VI. OUTRAS CUESTIÓNS REFERIDAS Á AUDITORÍA.

Lémbrese que este é o primeiro exercicio no que as contas anuais da entidade son sometidas a un procedemento de auditoría, non existindo a experiencia previa doutras auditorías que se realizaran por este órgano con aplicación das Normas Internacionais de Auditoría do Sector Público.

Polo demais, cómpre advertir que a nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a información extracontable. A nosa responsabilidade sobre dita información que deriva da contabilidade, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a súa concordancia coas contas anuais, partindo do coñecemento da entidade que obtivemos na realización da auditoría e sen incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma.

Asemade, a nosa responsabilidade con respecto aos indicadores extracontables do Consorcio, como consecuencia do seu carácter de ente público adscrito á Deputación da Coruña, consiste en avaliar e informar respecto de se ou seu contido é conforme coa normativa que resulta de aplicación. No caso de que, con fundamento no traballo realizado, concluímos que existen incorreccións, temos a obriga de poñelas de manifestó.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no apartado anterior, non temos nada que informar respecto doutra información. A información que contén concorda coa das Contas anuais do exercicio 2019 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

### VII. RESPONSABILIDADE DO CONTADANTE (TITULAR DA PRESIDENCIA) EN RELACIÓN ÁS CONTAS ANUAIS<sup>8</sup>.

De conformidade co disposto no artigo 14<sup>o</sup>.19 dos Estatutos da entidade, a Presidencia é responsable de formular as contas anuais que se achegan, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a un consorcio adscrito a unha entidade local en España<sup>9</sup>, e de control interno establecidas<sup>10</sup> para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou a erro.

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo proceda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento, agás no caso de que o órgano de xestión tivese intención ou obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

### VIII. RESPONSABILIDADE DO FUNCIONARIO AUDITOR.

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libre de incorrección material, debida ao fraude ou ao erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguriade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de

<sup>8</sup> Na redacción desta párrafo séguense as disposicións xerais contidas na NIA-EE-SP 1700 R

<sup>9</sup> Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo normal de Contabilidade local.

<sup>10</sup> Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais xa citado e R.D. 1424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o Regulamento de réxime xurídico de control interno.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e han de considerarse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que influan nas decisións económicas que os usuarios toman basándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector público en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantivemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda auditoría.

Asemade:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para facer fronte a ditos riscos e obtivemos evidencia de auditoría suficiente para proporcionar un fundamento da nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida ao fraude é mais elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, pois o fraude pode conlevar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erradas ou a elusión do control interno.
- Obtivemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de diseñar procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contábeis aplicadas son axeitadas e a razoabilidade das estimacións contábeis e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

- Concluimos sobre se é axeitada a utilización, polo órgano de xestión, do principio contábel de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poideran xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría; con todo, feitos ou condicións futuros poderán ser a causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída na información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun xeito que consiguen expresar a imaxe fiel.
- Comunicámonos coa Presidencia da entidade en relación co alcance e o momento de realzar a auditoría planificada e os elementos relevantes da auditoría, así coma sobre calquera deficiencia significativa de control interno, que temos identificado no transcurso da auditoría.
- Entre as cuestións que foron obxecto de comunicación ao órgano de goberno da entidade, determinamos as que teñen maior importancia na auditoría do período actual e, en consecuencia, as cuestións clave de auditoría.
- A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre outra información extracontable



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

### I. REQUISITOS LEGAIS E REGULAMENTARIOS<sup>11</sup>.

Co alcance previsto na nosa auditoría de contas, temos revisado o cumprimento da legalidade con respecto á xestión da contratación que ten producido gastos imputábeis ao exercicio 2019.

Temos acadado evidencia suficiente e axeitada para considerar que, cos procedementos aplicados, agás polo aspecto que deseguido se detalla, tense cumprido cos aspectos máis relevantes da legalidade. Os incumprimentos detectados refírense a dous asuntos moi concretos:

- A prórroga dos contratos de concesión administrativa da xestión do servizo público por máis tempo do establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares, incluídas as prórrogas previstas nos propios pregos, conculcándose con este proceder os principios propios da contratación pública (liberdade de concorrencia, igualdade de trato).
- O risco de que se teña incorrido en cesión ilegal de traballadores na prórroga do contrato do servizo de asistencia informática e conexos (Expediente 2018/C004/000002), ao atenderse con esta prestación servizos de carácter estrutural e permanente para o bo funcionamento dos sistemas informáticos da entidade.

Coirós, 25 de maio de 2020.

Asdo. Electrónicamente por Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

<sup>11</sup> Aplícase a este epígrafe a NIA-ES-SP 1250 sobre cumprimentos legais, a Nota técnica da ONA referida a incumprimentos legais.



## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

### DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN:

O presente informe emítase con carácter **PROVISIONAL e deberá notificarse de inmediato á PRESIDENCIA DO CONSORCIO**, co fin de darlle debido cumprimento ao principio de procedemento contradictorio establecido no artigo 4.1 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local, así como seguindo o disposto no Párrafo A27 da NIA-ES-1705 R, no tocante á comunicación cos responsables de goberno da entidade, de xeito que estes poidan ter a oportunidade, cando proceda, de proporcionar ao auditor información e explicacións adicionais en relación as cuestións que causan a opinión modificada.

Para os efectos indicados, o órgano destinatario poderá presentar as **ALEGACIÓNS** que estime oportunas no prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES**.

No caso de que no prazo indicado non se teña recibido alegación ningunha, este informe será elevado automaticamente a definitivo, sendo notificado de novo con tal carácter de novo. E no caso de que se presenten alegacións, serán valoradas polo funcionario auditor no informe definitivo que se emita ou, no seu caso, en anexo explicativo.

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

### DILIXENCIA DE INCORPORACIÓN Á DOCUMENTACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN, QUE SERÁ OBXECTO DE DITAME NA SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDAS E ESPECIAL DE CONTAS QUE TERÁ LUGAR O DÍA 27 DE MAIO DE 2020.

Seguindo a instrución cursada polo Interventor xeral, o presente informe, aínda sendo provisional, incorpórase á documentación da sesión extraordinaria da Comisión de Economía, Facenda, Especial de contas, Persoal e Réxime interior, convocada para o día 27 de maio de 2020.

Logo de transcorrido o prazo de alegacións e emitido definitivo, este será incorporado tamén ao expediente antes de que o Pleno do Consorcio proceda á aprobación das contas da entidade auditada e de que o Pleno da Deputación aprobe a súa Conta xeral. Dito informe será remitido como anexo ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.